

## 2º ESO

### EXERCICIOS RESOLTOS-8ª SEMANA DO 11 AO 15 DE MAIO

#### 1ª SESIÓN:

Esperamos fixerades con moita atención a tarefa da primeira sesión semanal e que os vosos exercicios estean revisados e corrixidos.

#### 2ª SESIÓN:

##### **O punto, a coma, e o punto e coma ( páx. 148)**

2. Agora puntúa correctamente os seguintes enunciados.

- *Para peixe fresco, Vigo; para chocos, Redondela; para camaróns, Moaña; para marisco, Cedeira.*
- *Estou falando contigo, Xulio, e gustárame que me escoitases.*
- *A muller vestida de azul e cun chaleco reflectinte semellaba unha garda de tráfico, pero tan só estaba paseando pola beiravía.*

3. Estes enunciados perderon as comas, colócallelas ti.

- *A piña, o aguacate, a lima, a manga e a papaia son froitas tropicais.*
- *O meu curmán, o que practica atletismo, vive nesta casa.*
- *Pídoche, Xiana, que gardes este segredo.*
- *Castelao, Pedrayo e Risco son escritores da Xeración Nós.*

4. Cal ou cales dos enunciados anteriores serven de exemplo para os seguintes casos?

a) **A coma úsase para encerrar un vocativo ou nome de persoa a quen nos diriximos**

*Pídoche, Xiana, que gardes este segredo.*

b) **A coma úsase para separar elementos que forman parte dunha enumeración**

*A piña, o aguacate, a lima, a manga e a papaia son froitas tropicais.*

*Castelao, Pedrayo e Risco son escritores da Xeración Nós.*

c) **A coma úsase para introducir unha aclaración no medio dunha oración**

*O meu curmán, o que practica atletismo, vive nesta casa.*

5. Nestes enunciados faltan os puntos e comas. Colócallelos ti onde sexa preciso.

- *Temos ovos, cogomelos e grelos; fáltannos as gambas para facer o revolto.*
- *Eu merquei un pantalón; a miña irmá maior, unha saia; o meu irmán, un chaquetón e a pequena, un par de zapatos.*

#### 3ª SESIÓN

Gústannos as vosas reflexións sobre a importancia do ensino en lingua galega, tamén nos fan pensar a nós...aínda seguimos esperando máis.